

Fluxogramas dos procesos productivos sectoriais

6.1. A COMPOSICIÓN DO SECTOR.

As actividades do téxtil e a confección están configuradas por unha serie de subsectores con peculiaridades específicas. Unha das características principais é a amplitude do proceso téxtil e a variedade de procesos técnicos, o que fai que existan dentro do sector téxtil e da confección subsectores dispares en canto á súa estrutura e á súa composición empresarial.

Para estruturar o sector, dividímolos en función do que serían os fluxos de materias primas e produtos, e as distintas transformacións que sofren ata que están listos para a súa venda. As etapas nas que dividimos o sector son:

- Materias primas
- Preparación e fiados
- Tisaxe
- Ennobrecemento téxtil
- Confección

Na etapa coñecida por *materias primas*, lévase a cabo a obtención e a transformación das materias primas, que poden ser fibras naturais, como á ou o algodón; fibras químicas: artificiais e sintéticas, artificiais como o raión, ou sintéticas, como as poliamidas ou os poliésteres e as fibras reprocesadas.


A etapa de *preparación e fiado* comprende nun primeiro proceso a transformación das materias primas, xa que as flocas ou as fibras en bruto pasan por procesos sucesivos de lavado, cardado, peiteado, segundo o caso, ata conseguir unha mestura susceptible de transformar en fío no proceso de fiadura, e un segundo proceso de *fiado* que consiste en transformar fibras en fíos cos procesos e máquinas de fiadura correspondentes a cada fibra. Este resultado obtense estirando e torcendo unha mecha (de la, algodón, mesturas, fibras, etc.) para obter, progresivamente, un fío.

Despois vén a etapa de *tisaxe*, durante a cal transfórmanse series de fíos nunha superficie uniforme (o tecido). Se o tecido se obtén por medio do entrecruzamento, de acordo cun patrón ou modelo prefixado, a tecedura é *de calada*, mentres que se o tecido se obtén mediante a formación dunha malla (bucle de fío cerrado e pasado no bucle que o precede), a tecedura é *de xénero de punto*.

Os tecidos técnicos, napa, etc..., realízanse con teas non tecidas, mediante un proceso que pode ser de vía seca, de vía húmida ou de extrusión.

A continuación, na etapa de *ennobrecemento téxtil*, englábanse as tinguiduras, estampados e acabados. Son un conxunto de tratamentos químicos ou mecánicos destinados a darlles aos produtos unhas propiedades particulares que lles confiren un aspecto definido (branqueo, tinguidura, aprestos, estampado). Nesta etapa lévanse a cabo operacións que contribúen a elevar o valor engadido do produto.

Por último, temos a etapa de *confección*, na cal o tecido transfórmase nunha peza de roupa, ou xénero de punto, para ser usada e comercializada. Comprende actividades como o corte, a costura e acabados de pezas de tecedura de calada, xénero de punto, coiro ou pel.



6.1.1. AS ACTIVIDADES DO SECTOR TÉXTIL A PARTIR DO CNAE.

Como comentamos antes, o ciclo completo do sector téxtil e da confección comprende unha gran variedade de procesos, os cales se corresponden cunha serie de actividades que se estruturan dentro da Clasificación Nacional de Actividades Económicas de 1993; segundo a distribución formulada para estruturar o sector, en España componse das seguintes actividades:

Na etapa de preparación e fiados temos:

- 1711 Preparación e fiado de fibras de algodón e as súas mesturas
- 1712 Preparación e fiado de fibras da cardada e as súas mesturas
- 1713 Preparación e fiado de fibras da peiteada e as súas mesturas
- 1715 Torcido e preparación de seda; torcido e filamentos sintéticos
- 1716 Fabricación de fío de coser
- 1717 Preparación e fiado doutras fibras téxtiles
- 1830 Preparación e tinguidura de peles; fabricación de artigos de peletería
- 1910 Preparación, curtido e acabado do coiro

Na etapa de tisaxe:

- 1721 Fabricación de tecidos de algodón e as súas mesturas
- 1722 Fabricación de tecidos da cardada e as súas mesturas
- 1723 Fabricación de tecidos da peiteada e as súas mesturas
- 1724 Fabricación de tecidos de seda
- 1725 Fabricación doutros tecidos téxtiles
- 1760 Fabricación de tecidos de punto
- 1771 Fabricación de calcetería
- 1772 Fabricación doutros artigos en tecidos de punto
- 1740 Fabric. artigos confecc. con téxtiles excp. pezas de roupa de vestir
- 1751 Fabricación de alfombras e moquetas
- 1752 Fabricación de cordas, cordeis, cordeis de cânabo (*bramantes*) e redes
- 1753 Fab. teas non tec. e art. confec. con estas, ex. pezas de roupa de vestir
- 1754 Fabricación doutros artigos téxtiles

Na etapa de ennobrecemento téxtil:

- 1730 Acabado de téxtiles
 - 17301 Tinguidura de téxtiles
 - 17302 Estampado téxtil
 - 17303 Outros acabados téxtiles

Na etapa de confección:

- 1810 Confección de pezas de roupa de vestir de coiro
- 1821 Confección de roupa de traballo
- 1822 Confección doutras pezas de roupa de vestir exteriores
- 1823 Confección de roupa interior
- 1824 Confección doutras pezas de roupa de vestir e accesorios
- 1920 Fabricación de artigos de marroquinería e viaxe, e outros
- 1930 Fabricación de calzado

En Galicia o conxunto de actividades que engloba o sector téxtil e da confección é moito menor, e débese ás particularidades da introdución e evolución que seguiu este sector ao longo da historia.

En Galicia o sector téxtil tivo unha evolución descendente dende principios do século XIX ata o despegamento na década dos 80 no século XX. Hai que recordar que esta industria tivera moita importancia dende mediados do século XVIII, sobre todo na produción de téxtiles de liño por medio de pequenos produtores rurais¹ (en Galicia no século XVIII as actividades do sector orientábanse á transformación de la, liño e cânabo, e a elaboración de teas e produtos confeccionados corría a cargo da produción rural principalmente e da que se daba en cidades e vilas), que tiñan os seus mercados no resto de España e nas colonias en América. Pero o sector en Galicia, cando se producen unha serie de transformacións a finais do século XVIII e principios do XIX coa introdución do algodón, non está preparada para adaptarse e seguir mantendo a súa importancia dentro do sector. As causas que levaron a esta situación pódense resumir en²:

1. A forza de traballo dispersa dificultaba a mecanización.
2. O sistema de produción non era o máis idóneo para a mellora de calidade e a estandarización dos lenzos.
3. A produción téxtil no medio rural considerábase algo complementario.
4. A competencia do algodón e o proceso de industrialización que levou asociado.
5. As malas comunicacións co resto de España.

A situación dende esta recesión no século XIX mantense estable ata finais do século XX (seguen existindo a elaboración de tecidos e confección de pezas de roupa no ámbito rural doméstico e algunhas pequenas experiencias fabrís), cando a partir da década dos anos 80, mesmo sen existiren unhas condicións favorables, se produce o despegamento do sector baseado en segmentos dinámicos da industria da confección, como son as

¹ Fernández González, A.I. (2000): *La industria textil en Galicia nos siglos XVIII-XX. Una visión general*, en *La industria de la moda en Galicia*. IDEGA, Santiago.

² Fernández González, A.I. (2000): *La industria textil en Galicia en los siglos XVIII-XX. Una visión general*, en *La industria de la moda en Galicia*. IDEGA, Santiago.

empresas encabezadas por deseñadores e sobre todo o grupo Inditex (que hoxe en día xa é unha multinacional), que ao mesmo tempo crean un sistema de pequenas empresas, talleres e cooperativas que se dedican a confeccionar para os primeiros. As causas deste crecemento son³:

1. A introdución en segmentos da industria téxtil e da confección coas barreiras de entrada máis baixas.
2. Non require un gran investimento en capital fixo.
3. A tecnoloxía que se utiliza é máis sinxela ca noutros subsectores.
4. Non esixe man de obra excesivamente cualificada.
5. Non existen gastos en I+D.
6. O descenso dos custos de transporte de mercancías e materias primas.

Por iso, as actividades que se desenvolven en Galicia dentro do sector téxtil e da confección redúcense respecto ás que se dan no ámbito estatal, quedando encadradas dentro da Clasificación Nacional de Actividades Económicas de 1993 nas seguintes:

Na etapa de preparación e fiados temos:

- 1830 Preparación e tinguidura de peles; fabric. de artig. de peletería
- 1910 Preparación, curtido e acabado do coiro


Na etapa de tisaxe:

- 1725 Fabricación doutros tecidos téxtiles
- 1760 Fabricación de tecidos de punto
- 1771 Fabricación de calcetería
- 1772 Fabricación doutros artigos en tecidos de punto
- 1740 Fabric. artigos confecc. con téxtiles excp. pezas de roupa de vestir
- 1751 Fabricación de alfombras e moquetas
- 1752 Fabricación de cordas, cordeis, cordeis de cânabo e redes
- 1754 Fabricación doutros artigos téxtiles

Na etapa de confección:

- 1810 Confección de pezas de roupa de vestir de coiro
- 1821 Confección de roupa de traballo
- 1822 Confección doutras pezas de roupa exteriores
- 1823 Confección de roupa interior
- 1824 Confección doutras pezas de roupa de vestir e accesorios

³ Fernández González, A.I. (2000): *La industria textil en Galicia nos siglos XVIII-XX. Una visión general, en La industria de la moda en Galicia. IDEGA, Santiago.*



6.1.2. A CONFECCIÓN E O XÉNERO DE PUNTO

Unha vez establecidas as actividades que se desenvolven en Galicia, concretámo-las nos dous procesos que por peso económico e número de traballadores teñen unha maior importancia dentro do sector, como son a confección e o xénero de punto.


O proceso da confección compóñeno:

- ▶ Deseño
- ▶ Elaboración de prototipos
- ▶ Patronaxe
- ▶ Escalado
- ▶ Corte
- ▶ Ensamblado
- ▶ Bordado
- ▶ Acabados
- ▶ Empaquetado
- ▶ Almacén


O proceso de xénero de punto está composto por unha parte de tecedura de punto e outra de confección, e queda definido por:

- ▶ Deseño
- ▶ Elaboración de prototipos
- ▶ Patronaxe e escalado
- ▶ Tisaxe
- ▶ Corte
- ▶ Ensamblado
- ▶ Acabados
- ▶ Empaquetado
- ▶ Almacén

XÉNERO DE PUNTO



CONFECCIÓN



Establecemos a realización dos fluxogramas no estudo de necesidades formativas, para encadRAR dun modo gráfico e directo a forma en que se organiza o proceso en forma de fluxo de traballo, situando nel as distintas ocupacións.

A continuación identificaranse os produtos que son obxecto da actividade, establecendo para cada un a secuencia de accións necesaria e unificando os distintos sistemas e subsistemas operantes ata obter unha visión de conxunto que se estruturará sobre a base de:

PROCESO

Entendido como a sucesión de accións, actividades de traballo ou fases requiridas para obter un produto ou prestar un servizo, con independencia do procedemento.

SUBPROCESO:

Supón unha unidade diferenciada do conxunto de accións que se desenvolve dentro dun proceso, mantendo autonomía propia e incorporando un resultado/produto necesario que se incorpora ao produto final.

FASE:

Conxunto de traballos ligados entre si pola utilización dunhas técnicas ou modos operativos e unhas tecnoloxías específicas que dan lugar a uns principais resultados de traballo, que se traducen en produtos ou servizos concretos.

SUBFASE:

Ciclo de actividade caracterizado pola realización secuencial de diversos traballos ou accións o principio e fin dos cales se han de completar sen interrupción; forman parte do desenvolvemento da fase na que se identifica unitariamente.

Determinaranse as divisións funcionais e operativamente válidas que compoñen as estruturas operativas da empresa, establecendo un modelo de organización por niveis de cualificación que permita contemplar os fluxos de traballo e comunicación existentes tanto nas empresas de maior dimensión como nas de menor tamaño.

Este deseño gráfico sérvenos asemade para establecer o punto de partida na análise das unidades de competencia e funcións das distintas ocupacións e a interrelación existente entre elas. Se observamos as fases e subfases dos fluxogramas que propoñemos e o posterior desenvolvemento das competencias das distintas ocupacións, poderemos ver esa relación.

Os cinco niveis de cualificación profesional son os propostos pola UE E fixados co fin de proceder á homologación de competencias profesionais con vistas á libre circulación de traballadores entre os países membros:

- **Nivel 1:** Realización dunha variada gama de actividades laborais, relativamente simples e na súa maioría rutineiras e predicibles de carácter manual.

- **Nivel 2:** Realización dunha importante e variada gama de actividades laborais, realizadas en diferentes contextos. Algunhas destas actividades son complexas ou non rutineiras e esixen certa autonomía, habilidade e responsabilidade individual. A miúdo pode requirirse a colaboración con outras persoas, quizá formando parte dun grupo ou equipo de traballo.
- **Nivel 3:** Realización dunha ampla gama de actividades laborais nunha gran variedade de contextos, na súa maior parte complexos e non rutineiros. Existe unha considerable responsabilidade e autonomía e, a miúdo, lévase a cabo a coordinación e a programación doutras persoas.
- **Nivel 4:** Realización dunha ampla gama de actividades laborais profesionais ou tecnicamente complexas levadas a cabo nunha gran variedade de contextos e cun grao considerable de autonomía e responsabilidade persoal. A miúdo, requirirá responsabilizarse polo traballo e xestión doutros e a distribución de recursos.
- **Nivel 5:** Realiza a aplicación dunha importante gama de principios fundamentais e técnicas complexas nunha ampla e ás veces impredecible variedade de contextos. Requírese unha autonomía persoal moi importante e, con frecuencia, gran responsabilidade respecto ao traballo doutros e á distribución de recursos substanciais. Así mesmo, require de responsabilidade persoal en materia de análise e diagnósticos, deseño, planificación, execución e avaliación.

6.2.1. EXPLICACIÓN DOS FLUXOGRAMAS.

O modelo de fluxograma que se propón componse de dúas partes; na primeira imos desenvolver o proceso, os distintos subprocesos que a compoñen e as fases en que se divide. Dentro de cada fase identificaranse as distintas ocupacións que participan nela.


Tamén se establece un organigrama en función dos cinco niveis de cualificación no cal se representarán as ocupacións que están implicadas no proceso, ás que se lles asigna un número que nos serve para identificar as ocupacións nas distintas fases.

Nunha segunda parte concretamos independentemente cada un dos subprocesos en que se compón o proceso, no cal se expoñen as fases en que se dividen e se establecen as subfases que compoñen cada fase.

Para completar este esquema, establecemos o mesmo tipo de organigrama que na primeira parte, pero no que estean representadas só as ocupacións que participan nese subproceso.

Utilizamos o mesmo esquema para as ocupacións emerxentes e que non están aínda totalmente integradas no sector, pero que pola súa tendencia produtiva pensamos que en pouco tempo serán unha peza importante no seu funcionamento. Estas ocupacións situámoslas no organigrama base e, igual que antes, asignámoslles un número para situálas graficamente nas fases e subfases.

Para unha mellor comprensión do explicado, pódense observar os esquemas dos fluxogramas nas dúas páxinas seguintes.



6.3. FLUXOGRAMAS DO PROCESO PRODUCTIVO DA CONFECCIÓN

No desenvolvemento do proceso da confección establecéronse seis subprocesos, os cales son:

1. Deseño e elaboración do prototipo
2. Patronaxe e escalado
3. Corte
4. Montaxe da peza de roupa
5. Acabados
6. Empaquetado e distribución

Dentro do subproceso de montaxe da peza de roupa vanse establecer dous subprocesos diferentes en función da existencia da fase de bordado.

As ocupacións implicadas en función do seu nivel de cualificación son:

Nivel 4: Deseñador/a téxtil

Coordinador/a técnico produción de confección

Controlador/a calidade en confección

Nivel 3: Patronista-escalador/a

Encargado/a de corte

Encargado/a de confección

Encargado/a de prancha e acabados

Encargado/a de almacén

Nivel 2: Axudante de patronista/escalador

Cortador/a

Cosedor - ensamblador/a

Bordador/a

Pranchador/a

Revisor/a


Almaceneiro/a

Nivel 1: Empaquetador/a téxtil

Peón téxtil

CONFECCIÓN


PROCESO DE PRODUCCIÓN



CONFECCIÓN

PROCESO DE PRODUCCIÓN

SUBPROCESO 1




ESTUDIO DO MERCADO	DESEÑO DOS PRODUCTOS	ELABORACIÓN DO MOSTRARIO	ELABORAR AS FICHAS TÉCNICAS DOS PROTOTIPOS	PREPARACIÓN PARA A ELABORACIÓN DOS PROTOTIPOS	ELABORACIÓN DOS PROTOTIPOS
1 2	1	1	1 2 3 4	1 2 4 9	1 2 3 4 5 6 7 9 10 11 12 13
DESEÑO DO PROTOTIPO					
ELABORACIÓN PROTOTIPO E MOSTRARIO					
DESEÑO E ELABORACIÓN DO PROTOTIPO					

CONFECCIÓN

PROCESO DE PRODUCCIÓN

SUBPROCESO 2






1 1 4 9	REALIZACIÓN DAS MODIFICACIÓNS SOBRE OS PATRÓNS INICIAIS	4 9	ELABORACIÓN DOS PATRÓNS DOS PROTO TIPOS APROBADOS	4 9	REALIZACIÓN DO ESCALADO	4 9	REALIZACIÓN DA MARCA	2 3 4	ELABORACIÓN DAS FICHAS TÉCNICAS DE PRODUCCIÓN
PATRONAXE				ESCALADO					
PATRONAXE E ESCALADO									

CONFECCIÓN

PROCESO DE PRODUCCIÓN

SUBPROCESO 3






CONFECCIÓN

PROCESO DE PRODUCCIÓN


SUBPROCESO 4



CONFEÇÃO

PROCESSO DE PRODUÇÃO



SUBPROCESSO 5



CONFECCIÓN

PROCESO DE PRODUCCIÓN

SUBPROCESO 6



6.3.1. OCUPACIÓNS EMERXENTES.


Detectáronse dentro do proceso de confección, pero non dunha forma definida e sen ter as súas competencias totalmente desenvolvidas e definidas por igual dentro das empresas. Estas ocupacións son:

- ▶ Encargado de loxística – almacén
- ▶ Encargado de talleres exteriores
- ▶ Técnico de compras

Ao mesmo tempo non son unhas ocupacións que estean integradas de cheo na produción, pero como comentabamos anteriormente a tendencia do sector vainas colocar nun lugar importante dentro das empresas. Por todo iso, quixemos integralas no fluxograma dos procesos de confección, para a súa identificación gráfica e como punto de partida para o desenvolvemento das competencias e perfís ideais.

CONFECCIÓN



PROCESO DE PRODUCCIÓN



CONFECCIÓN

PROCESO DE PRODUCCIÓN


SUBPROCESO 1



CONFECCIÓN


PROCESO DE PRODUCCIÓN


SUBPROCESO 2



CONFECCIÓN PROCESO DE PRODUCCIÓN

SUBPROCESO 3





CONFECCIÓN

PROCESO DE PRODUCCIÓN


SUBPROCESO 4

VAPORIZACIÓN E TERMORIZADO		MONTAXE DAS PARTES DAS PEZAS DE ROUPA		PRANCHADOS INTERMEDIO		ENSAMBLADO DAS PEZAS DE ROUPA		REALIZACIÓN DO BORDADO		REVISIÓN OPERACIONS COSIDO/ ENSAMBLADO		REPARACIÓN PEZAS DE ROUPA DEFECTUOSAS			
1	2	2	2	2	2	2	3	2	3	2	2	2	2		
PREPARACIÓN DOS COMPONENTES				ENSAMBLADO				BORDADO				REVISIÓN E REPARACIÓN			
MONTAXE DA PEZA DE ROUPA															
VAPORIZACIÓN E TERMORIZADO		MONTAXE DAS PARTES DAS PEZAS DE ROUPA		PRANCHADOS INTERMEDIO		ENSAMBLADO DAS PEZAS DE ROUPA		REALIZACIÓN DO BORDADO		REVISIÓN OPERACIONS COSIDO/ ENSAMBLADO		REPARACIÓN PEZAS DE ROUPA DEFECTUOSAS			
1	2	2	2	2	2	2	3	2	2	2	2	2	2		
PREPARACIÓN DOS COMPONENTES				ENSAMBLADO				REVISIÓN E REPARACIÓN							
MONTAXE DA PEZA DE ROUPA															

CONFECCIÓN

PROCESO DE PRODUCCIÓN



SUBPROCESO 5



CONFECCIÓN

PROCESO DE PRODUCCIÓN

SUBPROCESO 6



6.4. FLUXOGRAMAS DO PROCESO PRODUTIVO DE XÉNERO DE PUNTO.

No desenvolvemento do proceso de xénero de punto establecéronse cinco subprocesos, que son:

1. Deseño e elaboración do prototipo e patronaxe
2. Elaboración do tecido
3. Corte de tecidos e ensamblaxe das pezas de roupa
4. Acabados
5. Empaquetado e distribución

Dentro do subproceso de corte de tecidos e ensamblaxe das pezas de roupa vanse establecer tres subprocesos diferentes en función de que sexan pezas sen costuras, pezas conformadas ou de que se teña que realizar o corte do tecido para a obtención das diferentes partes que compoñen as pezas de roupa.

As ocupacións implicadas en función do seu nivel de cualificación son:

Nivel 4: Deseñador/a téxtil

Coordinador/a técnico produción de confección

Controlador/a calidade en confección

Nivel 3: Patronista

Programador téxtil

Encargado/a de tisaxe

Encargado/a de confección

Encargado/a de almacén.

Nivel 2: Tecedor/a xénero de punto por recollida

Cortador/a

Remallador/a

Cosedor - ensamblador/a

Pranchador/a


Revisor/a – Reparador/a

Almaceneiro/a

Nivel 1: Empaquetador/a téxtil

Peón téxtil


SUBPROCESO 1 XÉNERO DE PUNTO PROCESO DE PRODUCCIÓN POR RECOLLIDA




ESTUDIO DE MERCADO	ESTUDIO E DESENVOLVEMENTO DE PRODUCTOS E PROCEDIMENTOS	DESEÑO DOS PRODUCTOS	ELABORACIÓN DO MOSTRARIO	ELABORAR AS FICHAS TÉCNICAS DOS PROTOTIPOS	PREPARACIÓN DA MAQUINARIA PARA A PRODUCCIÓN DE PROTOTIPOS	ELABORACIÓN PROTOTIPOS	PATRONAXE	ESCALADO
1 2 3	1 2 3	1	1	1 1 2 3 4	2 3 5 6 7	1 2 3 4 5 6 7 9 10 11 12	1 4	2 3 4
DESEÑO DO PROTOTIPO						ELABORACIÓN PROTOTIPO E MOSTRARIO		PATRONAXE E ESCALADO
DESEÑO E ELABORACIÓN DO PROTOTIPO								

XÉNERO DE PUNTO PROCESO DE PRODUCCIÓN POR RECOLLIDA

SUBPROCESO 2




VERIFICACIÓN DA MAQUINARIA 2 3 5 6 9	PROGRAMACIÓN DA MAQUINARIA 2 3 5 6 8 9 15 16	DESENVOLVEMENTO DO TISAXE 2 3 5 6 9 15	EVALUACIÓN E REPARACIÓN DOS PRODUCTOS 2 3 5 6 8 14 16	LAVADO E SECADO 2 3 7 13 16	PRANCHADO 2 3 7 13 16
PREPARACIÓN DE MATERIAS			TISAXE	ACABADOS	
ELABORACIÓN DO TECIDO					



XÉNERO DE PUNTO

PROCESO DE PRODUÇÃO POR RECOLLIDA


SUBPROCESO 3





SUBPROCESO 4

XÉNERO DE PUNTO

PROCESO DE PRODUCCIÓN POR RECOLLIDA



SUBPROCESO 5 XÉNERO DE PUNTO PROCESO DE PRODUCCIÓN POR RECOLLIDA



6.4.1. OCUPACIÓNS EMERXENTES


Detectáronse dentro do proceso de xénero de punto, pero non dunha forma definida e sen ter as súas competencias totalmente desenvolvidas e definidas por igual dentro das empresas, e en menor representatividade que no proceso de confección. Estas ocupacións son:

- ▶ Encargado de loxística – almacén
- ▶ Encargado de talleres exteriores
- ▶ Técnico de compras

Ademais son unhas ocupacións que non destacan pola súa participación directa na produción, pero como faciamos referencia anteriormente neste apartado, a evolución do sector vainas situar nunha posición estratéxica dentro das empresas. Por todo iso, quixemos integralas no fluxograma dos procesos de xénero de punto, para a súa identificación gráfica e como punto de partida para o desenvolvemento das competencias e perfís ideais.

XÉNERO DE PUNTO


PROCESO DE PRODUCCIÓN POR RECOLLIDA



SUBPROCESO 1


XÉNERO DE PUNTO

PROCESO DE PRODUCCIÓN POR RECOLLIDA




ESTUDIO DE MERCADO	ESTUDIO E DESENVOLVEMENTO DE PRODUCTOS E PRECEDIMENTOS	DESEÑO DOS PRODUCTOS	ELABORACIÓN DO MOSTRARIO	ELABORAR AS FICHAS TÉCNICAS DOS PROTOTIPOS	PREPARACIÓN DA MAQUINARIA PARA A PRODUCCIÓN DE PROTOTIPOS	ELABORACIÓN PROTOTIPOS	PATRONAXE	ESCALADO
1			1				1	
DESEÑO DO PROTOTIPO			ELABORACIÓN PROTOTIPO E MOSTRARIO			PATRONAXE E ESCALADO		
DESEÑO E ELABORACIÓN DO PROTOTIPO								

SUBPROCESO 2 XGÉNERO DE PUNTO PROCESO DE PRODUÇÃO POR RECOLLIDA



VERIFICACIÓN DA MAQUINARIA 1 3	PROGRAMACIÓN DA MAQUINARIA	DESENVOLVEMENTO DO TISAXE	EVALUACIÓN E REPARACIÓN DE DOS PRODUCTOS	LAVADO E SECADO	PRANCHADO 3
PREPARACIÓN DE MATERIAIS		TISAXE		ACABADOS	
ELABORACIÓN DO TECIDO					



XÉNERO DE PUNTO

PROCESO DE PRODUCCIÓN POR RECOLLIDA



SUBPROCESO 3

COSIDO	REVISIÓN	REPARACIÓN
1 2	2	2
REMATE DAS PEZAS DE ROUPA SEN COSTURAS		
REVISIÓN E REPARACIÓN		
REMALLADO	COSIDO	REPARACIÓN
1 2	2	2
MONTAXE E COSIDO DE PEZAS DE CONFORMADAS		
REVISIÓN E REPARACIÓN		
PREPARACIÓN PARA O CORTE	REMALLADO	COSIDO
1 2	2	2
REVISIÓN E REPARACIÓN		
CORTE DOS TECIDOS EN PEZA		
REVISIÓN E REPARACIÓN		
CORTE DE TECIDOS E ENSAMBLAXE DAS PERZAS DE ROUPA		

XÉNERO DE PUNTO



PROCESO DE PRODUCCIÓN POR
RECOLLIDA

SUBPROCESO 4



XÉNERO DE PUNTO PROCESO DE PRODUCCIÓN POR RECOLLIDA

SUBPROCESO 5



6.5.

A SUBCONTRATACIÓN NO SECTOR TÉXTIL E DA CONFECCIÓN.

A estrutura produtiva do sector en Galicia divídese, por un lado, na consolidación das empresas integrais, que conseguen controlar o ciclo completo dende a produción ata a comercialización; por outro, en medianas empresas, e en último lugar, en pequenas empresas, talleres e cooperativas.

As empresas integrais, o que non quere dicir que teñan integrado todo o proceso produtivo, destacan polo control que manteñen sobre todas as fases do proceso produtivo, aínda que subcontraten a terceiros certas partes deste.

As medianas empresas integran a maior parte do proceso ata a confección das pezas de roupa, non incluíndo nelas a maioría das veces a comercialización destas. A maioría delas nalgún momento subcontrata parte do seu proceso de produción a empresas máis pequenas.

As pequenas empresas, os talleres e cooperativas dedícanse na súa maior parte a algunha parte do proceso de produción ou a todos, pero o seu traballo adoita estar en función da subcontratación que efectúan as grandes e medianas empresas.

Dentro da estrutura produtiva do sector en Galicia, destaca sobre todo a subcontratación que se produce de certas partes do proceso produtivo; para a súa análise imos seguir co esquema proposto para o desenvolvemento dos fluxogramas, como é a división no proceso de confección e o de xénero de punto.

CONFECCIÓN

Nas empresas de confección a subcontratación prodúcese dentro do que son as partes de corte, ensamblado, bordado e acabados. Nas grandes empresas o normal é que subcontraten dende o ensamblado ao acabado, introducindo ultimamente a parte de corte. As medianas empresas adoitan subcontratar o ensamblado ou parte del e mais o bordado, xa que este último non é unha fase que como vimos no fluxograma se desenvolva sempre.


XÉNERO DE PUNTO

Nas empresas de xénero de punto tanto nas empresas grandes como medianas a subcontratación circunscríbese á parte do ensamblado das pezas.


A subcontratación da produción dentro da propia Comunidade, como se comentou na explicación da estrutura do sector, mantén a maior parte do emprego téxtil. Esta situación choca coa evolución que está seguindo o sector, que é a de externalizar a terceiros países as partes do proceso que antes se subcontrataban aquí, xa que iso lles produce unha redución nos seus custos, debido a que a man de obra é moito máis barata e manteñen uns niveis de calidade aceptables en canto ás pezas de roupa confeccionadas. Este crecente incremento da subcontratación a terceiros países e a conseguinte desrexionaliza-

ción da produción téxtil é unha consecuencia dos movementos do sector ante a inminente apertura do mercado, pola desaparición das restricións non tarifarias (cotas) que se estableceran no Acordo Multifibras (1973), polo que se dispoñían unhas limitacións sobre as cantidades exportadas polos países en desenvolvemento aos desenvolvidos. Este Acordo Multifibras prorrogouse en tres ocasións, ata que, impulsado pola Organización Mundial de Comercio (aínda GATT, Acordo Xeral sobre Aranceis Aduaneiros e Comercio) na Rolda Uruguai (1986), se modifican estes parámetros, que se concretaron en 1994 en Marrakech coa firma do Acordo sobre Téxtiles e Confección (ATC), que dismantelou o Acordo Multifibras e estableceu unha progresiva eliminación das cotas nun prazo de dez anos (2005) (PERE LLEONART e OUTROS)⁴. Esta modificación da estrutura do sector téxtil que comentabamos antes verase potenciada polo incremento a partir do 2005 de produtos procedentes dos países en desenvolvemento e China (dende o ano 2001 entrou a formar parte da Organización Mundial de Comercio), o que pode implicar para o sector téxtil e da confección galegos problemas no elo máis débil, composto polas pequenas empresas, talleres e cooperativas.

⁴ LLENOART, PERE; GAROLA, ÁLVAR Y ARÚS, JOSEP M^a (2003): *El impacto de la liberalización de os intercambios comerciais en el sector textil/ confección*. cityc.es (centro de información textil e de la confección).



XÉNERO DE PUNTO



6.6. A LOXÍSTICA NO SECTOR TÈXTIL E DA CONFECCIÓN.

Este campo dentro das empresas está gañando moita forza, xa que a propia evolución que está seguindo o sector e a estrutura produtiva que iso xera, como é a de subcontratación de parte dos procesos de produción e a integración da comercialización en tendas propias, crea uns fluxos de materias primas, partes de pezas de roupa, pezas semielaboradas e pezas confeccionadas que é necesario controlar en todo momento para non crear tempos mortos na produción e que os prazos de entrega se incrementen.

No sector téxtil e da confección en Galicia, excepto o caso de Inditex, no resto das empresas é un campo que se ten que mellorar e chegar a unha certa especialización dentro da estrutura interna destas.

Os fluxos que se producen ímolos diferenciar dependendo de que o proceso sexa de confección ou de xénero de punto.

CONFECCIÓN

O fluxo comeza coa compra das materias primas para a produción; isto xerará unha chegada delas ao almacén que posteriormente entrarán en produción ao corte. Un segundo fluxo correspóndese coa subcontratación de parte do proceso produtivo, o que supón xeralmente a saída das pezas cortadas; isto á súa vez vai xerar un terceiro fluxo que será a entrada de pezas de roupa semielaboradas e/ou confeccionadas. Nalgúns casos as teas xa non entran na empresa; isto ocorre cando dentro da subcontratación entra o corte, co que se produce unha redución dos fluxos a un único fluxo de entrada da peza de roupa semielaborada e/ou confeccionada. Unha vez que temos a peza de roupa confeccionada, prodúcese un cuarto fluxo interno cara ao almacén, dende onde, unha vez clasificadas as pezas de roupa, se produce un quinto fluxo cara ao exterior da empresa, que adoita ser a saída cara ás tendas propias e/ou a terceiros destas pezas de roupa.

XÉNERO DE PUNTO

O fluxo comeza, como no caso da confección, coa compra de materias primas, as cales entrarán no almacén ata o seu paso pola tisaxe. Neste tipo de proceso, como vimos antes, existe unha menor subcontratación de parte da súa produción, co cal o segundo fluxo xerarase coa saída de partes da peza de roupa para o seu cosido no exterior, producindo isto o terceiro fluxo coa entrada novamente na empresa de pezas de roupa semielaboradas, que, unha vez nela, se terminará a súa confección, creándose un cuarto fluxo interno cara ao almacén, e, como no caso da confección, prodúcese un quinto fluxo cara ao exterior coa saída da produción cara ás tendas propias e/ou a terceiros.

